

ANUNCIO 3/2021: AXENCIA DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL DO CONCELLO DE CARTELLE

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

1. BS306B - AXUDAS ENMARCADAS NO PROGRAMA INICIATIVA XOVE. DOGA DO 14/05/2021. PRAZO: ATA O 14/06/2021.

Obxecto: Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas enmarcadas no programa Iniciativa Xove para a posta en marcha de iniciativas xuvenís durante o ano 2021, e convocar estas axudas para o dito exercicio 2021.

Destinatarios: **a)** Os grupos informais de mozos e mozas que desexen realizar unha iniciativa xuvenil e que reúnan os requisitos establecidos no artigo 5. **b)** As asociacións xuvenís, as entidades prestadoras de servizos á xuventude e as súas respectivas federacións, sempre que, no caso destas últimas, o proxecto que presenten sexa diferente do que presenten, se é o caso, as asociacións xuvenís ou entidades prestadoras que formen parte da federación.

AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

2. IN421G – PROXECTOS DE ENERXÍAS RENOVABLES TÉRMICAS - Subvencións para proxectos de enerxías renovables térmicas, para o ano 2021, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020 (código de procedemento IN421G). **Autonomos**, administracións públicas e **ASOCIACIONES**. **DOGA DO 25/05/2021. PRAZO: ATA O 25/06/2021**

Obxecto: entre outros, axudas para a instalación de ESTUFAS E CALDEIRAS DE PELLETS.

AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL

3. IN500B - AXUDAS DIRIXIDAS Á VALORIZACIÓN, POTENCIACIÓN, INNOVACIÓN E MELLORA DAS PEQUENAS E MEDIANAS EMPRESAS DA INDUSTRIA FORESTAL GALEGA E DO CONTRACT. DOGA DO 25/05/2021. PRAZO: ATA O 25/06/2021- Serán subvencionables os proxectos de investimento realizados polas pequenas e medianas empresas descritas no artigo 2 desta resolución nos seus procesos de produción e que teñan como obxectivo aumentar a súa produtividade ou a implantación de técnicas que permitan obter novos produtos ou produtos valorizados ou procesos que favorezan a minoración do impacto ambiental.

Cartelle, 7 de xuño de 2021

Asdo.: O Técnico

Miguel Angel Martínez Armada